

---

LE CER  
NOCTURNO  
ALTERNATIVO  
PARA A MOCIDADE

---



# Noites Alternas


23/09 — 17/12

XOVES + VENRES  
ALTERNOS

Actividades de balde



PROGRAMACIÓN  
E INSCRIPCIÓN



Itaca.gal  
noitesalternas@itaca.gal  
f @ NoitesAlternasCompostela


## INSCRICIÓNS

As inscricións faranse semanalmente enchendo o formulario en liña dispoñible en [itaca.gal](http://itaca.gal) e nas redes sociais (luns ás 9h).  
Prazas reducidas e asignadas por rigorosa orde de inscrición.  
Con todas as medidas de prevención e seguridade.

## LUGARES

**Asociación Cultural e Xuvenil Itaca** | Rúa do Pombal 18, baixo  
**As Brañas de Andrés** | Rúa Vista Alegre 9-11  
**Centro Xove da Almáciga** | Rúa Proxecto Vagalume 2  
-detrás do CEIP Apóstolo Santiago  
**CircoNove** | Rúa das Cancelas, 125  
**Plataforma Zoom**

## PROGRAMACIÓN E INSCRICIÓNS



Itaca.gal  
noitesalternas@itaca.gal  
f @ NoitesAlternasCompostela





setembro



 Noites  
Alternas



## XOVES 23 DE SETEMBRO

### TEATRO

**“Balbordo”, con Cavort Teatro.**

20h30 | Centro Xove da Almaciga

A través de catro personaxes e nove escenas independentes pero mesturadas, abórdanse temáticas dispares e cotiás dunha maneira lúdica co obxectivo de provocar unha reflexión.

### OBRADOIRO DE CREACIÓN FEMINISTA

**“Publi retranqueira. Obradoiro experimental de contrapublicidade feminista”, con 7H Cooperativa.**

De 20h30 a 22h30 | Itaca

A partir das ferramentas creativas formuladas polo adbusting, un movemento artístico baseado na crítica ao capitalismo consumista, subvertiremos con creatividade feminista os estereotipos de xéneros presentes na representación simbólica da muller na publicidade.

## VENRES 24 DE SETEMBRO

### OBRADOIRO “COCIÑA FÓRA DE SERIE”

**“Doutroira”, con Tareixa Martínez.**

De 20h30 a 23h. | As Brañas de Andrés

Elaboraremos diferentes pratos relacionados con series ambientadas noutras épocas: a Escocia e o Madrid do século XVIII de “Outlander” e “A Cociñeira de Castamar” ou os inicios do século XX na Inglaterra de “Downton Abbey”.

### OBRADOIRO DE CIRCO

**Obradoiro de aéreos, coa Asociación CircoNove.**

De 20h30 a 22h. | Nave de CircoNove

Taller dinámico onde ter unha toma de contacto cos aparellos aéreos (trapezio, aro, corda, teas, hamaca...).



# outubro

 Noites  
Alternas

## A PARTIR DO 1 DE OUTUBRO ATA O 17 DE DECEMBRO

### XOGO AUTÓNOMO

**“Busca e rebusca. Quen algo quere, algo lle custa!”**, con Itaca.

Rúas de Compostela

Xogar na rúa foi sempre teima da mocidade compostelá. O lecer nocturno dos meses máis escuros propuñan, co Boas Noites (hoxe Noites Alternas) recuperar este costume.

Durante os tres meses que dura o programa poderás atopar na rúa pequenos retos, pesquisas e minixogos en forma de QR's. Cantos máis atopas, máis pistas xuntarás para resolver o reto final.  
Busca e rebusca!

## XOVES 7 DE OUTUBRO

### **OBRADOIRO DE CÓMIC**

**Con Bea Lema**

De 20h30 a 22h. | Itaca

Aprenderemos a narrar unha historia persoal a través de viñetas. Realizaremos o guión, o deseño de personaxes e unha páxina de cómic.

### **OBRADOIRO DE XOIERÍA**

**“Mans ao metal”, con Abraio.**

De 20h30 a 23h30 | Centro Xove da Almáciga

Aprenderemos formas de manipulación do metal, empregando ferramentas básicas en xoiería. Elaboraremos unha peza única e persoal que levarnos a casa. Procuremos xuntas o empoderamento das persoas a través da creatividade: somos capaces de transformar materiais inertes en vida!

## VENRES 8 DE OUTUBRO

### **OBRADOIRO “COCIÑA FÓRA DE SERIE”**

**“Anímate!”, con Tareixa Martínez.**

De 20h30 a 23h. | As Brañas de Andrés

Cociñaremos pratos que aparecen en series de animación de antes e de agora: “Os Simpson”, “Futurama”, “Doraemon”, “Bob Esponxa”, “Dragon Ball”...

### **XOGO DE RÚA**

**“Pedra viva”, con Xandobela e o proxecto Ludamus! (Erasmus Plus).**

De 20h30 a 22h30 | Saída desde a Praza da Quintana

Xogo de descuberta de Compostela combinado cunha trepidante xincana fotográfica.

### **OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA**

**“Recunchos composteláns con móbil”, con Seimeira.**

De 20h30 a 23h30 | Itaca e rúas

Obradoiro interactivo de fotografía polas rúas de Compostela para aprendermos a retratar a súa beleza tan só cos nosos móbiles.

## XOVES 21 DE OUTUBRO

### TEATRO

**“Escalope de Vega (Teatro rebozado)”**, con **Tolemia Teatro**.

20h30 | Centro Xove da Almaciga

Obra en verso en galego na que se fusionan tres textos do autor do século de Ouro Lope de Vega: versión de Tolemia fiel ao seu estilo baseada no humor e na irreverencia.

### ROTEIRO NOCTURNO + OBRADOIRO TEXTIL

**“A muller na historia compostelá”**, con **María Otero Romani (Destinonoroste)** e **Patricia Núñez (O Faiado de Nin)**

De 20h30 a 23h | Saída desde Itaca

Visita polas rúas de Compostela da man das mulleres que a habitaron, desde a Idade Media ata o século XIX, de mulleres anónimas a raíñas, desde a súa representación na arte da cidade ata a vida diaria. Unha vez finalizado o roteiro, farase entrega dunha bolsa ou mochila de algodón para personalizala.

## VENRES 22 DE OUTUBRO

### OBRADOIRO “COCIÑA FÓRA DE SERIE”

**“Que frikada!”**, con **Tareixa Martínez**

De 20h30 a 23h. | As Brañas de Andrés

Percorreremos a gastronomía doutras galaxias e dimensións presente en series de culto como “Star Trek”, “Fringe”, “Big Bang Theory” ou “Dr. Who”.

### DINÁMICAS E XOGO

**“Coidar é outra historia”**, con **InteRed (<18 anos)**.

De 20:30h. a 22h. | Itaca

Para repensar os coidados co xogo como ferramenta.

### ROTEIRO MODERNISTA

**“Modernos e modernas!”**, con **Denís Gándara**

20h30 | Saída desde Praza do 8 de Marzo

Cando deixaron os edificios de ser de estilo xove ou Jugendstil e cando deixaron de ser arte nova ou Art Nouveau? Se antes que o “menos é máis” e a aburrida liña recta buscades flores, follas, rostros humanos, ninfas e toda clase de inspiración do mundo natural reflexado na arquitectura da vosa cidade, non vos podedes perder este roteiro.





# novembro

 Noites  
Alternas



## XOVES 4 DE NOVEMBRO

### **PINCHADA COMENTADA**

**“Resistencia palestina a través da música”,  
con Resistencia en terra allea.**

De 20h30 a 22h30 | Centro Xove da Almaciga

Repasamos a historia de resistencia de Palestina desde unha ollada artística, a través dunha “pinchada comentada” con soporte visual conducida por unha persoa de ascendencia do propio país, onde se dará unha mestura de música, vídeo e análise antirracista e anticolonial.

### **OBRADOIRO DE RECICLAXE TEXTIL**

**“De suadoiro a mochila”, con O faiado de Nin.**

De 20h30 a 22h30 | Itaca

Cantas veces acumulamos roupa que xa non usamos ou que case desfixemos de tanto uso? Transformaremos un suadoiro vello ou en desuso nunha mochila dunha maneira moi sinxela, creativa e case sen necesidade de coser.

## VENRES 5 DE NOVEMBRO

### **OBRADOIRO “COCIÑA FÓRA DE SERIE”**

**“A familia que se escolle”, con Tareixa Martínez.**

De 20h30 a 23h. | As Brañas de Andrés

Hai moitas series nas que se salienta o valor da amizade. Nalgunhas descubrimos pratos estraños como a ensalada de 7 capas da familia Erikssen (“How I met your mother”) ou o Trifle de carne de Rachel (“Friends”). Non vos preocupedes: non elaboraremos esas receitas. Optaremos por outras máis apetitosas.

### **ROTEIRO NOCTURNO**

**“As revoltas medievais”, con Pablo Domínguez Loidi.**

20h30 a 22h | Saída desde a Praza do Toural

Achegámonos ao medievo compostelán para levar a cabo un percorrido histórico comentado. Visitaremos algúns dos lugares máis relevantes das rebelións contra os poderes despóticos e eclesiásticos. Quizais atopemos as chaves para entender a permanencia deste poder e non da burguesía en Compostela.

### **OBRADOIRO**

**“Botiquín vivo na xanela. Usos e cultivo de plantas medicinais en macetas”, con Devagar.**

De 20h30 a 22h30 | Itaca

Coñeceremos as virtudes e usos das principais plantas medicinais que podemos cultivar en macetas e consellos para o seu coidado para podermos deseñar o noso propio botiquín natural.

## XOVES 18 DE NOVEMBRO

### TEATRO EN LIÑA

#### **“Outono 2.0”, con Oístes? Teatro.**

20h30 | Plataforma Zoom

Unha casa de terror, dividida en varias salas de Zoom. Cada sala conterá unha representación dunha faceta do medo e o público poderá moverse de sala en sala libremente durante a obra creando así unha experiencia única para cada persoa.

Experiencia virtual interactiva na plataforma Zoom, na que poderás formar parte da acción. Para participar será preciso un computador con acceso á rede e preferibelmente con cámara e micrófono.

### LABORATORIO DE MOVEMENTO

#### **“Impro danza”, con Elsa Pereira.**

De 20h30 a 23h30 | Centro Xove da Almáciga

Improvisar é crear coas ferramentas das que dispomos. Traballaremos en base aos elementos fundamentais: estrutura do corpo, as súas formas, o peso, as texturas e a relación entre isto e o espazo e tempo presentes.

## VENRES 19 DE NOVEMBRO

### OBRADOIRO “COCIÑA FÓRA DE SERIE”

#### **“Simpathy for the devil”, con Tareixa Martínez.**

De 20h30 a 23h. | As Brañas de Andrés

...ou de cando os malos nos caen ben, o que nos acontece con series como “Breaking Bad”, “Dexter” ou “Os Soprano”. Nesta sesión atreverémonos con elaboracións inspiradas neste tipo de series.

### GRANDE XOGO

#### **“As castañas do dragón”, coa Asociación Itaca.**


20h.30 | Saída desde a Praza do Toural

Trala súa última invocación, o Gran Magusto fixo voar as sete castañas máxicas ata que se perderon por lugares recónditos da Alameda de Compostela. A túa misión será atopalas alá onde digan os radares e enfrontarse ás e aos viláns que as custodian, superando as probas que vos propoñan. Reunir as 7 castañas máxicas permite formular tres desexos ao Gran Magusto.

### XOGOS DE MESA, con Asociación 6D6.

De 20h30 a 00h | Centro Xove da Almáciga


Apúntate a unha noite chea de partidas! Poderás descubrir clásicos dos xogos de mesa, rol e estratexia, e xuntarte coa túa xente a botar unhas partidas nunha das mesas dispoñibles. Nós poñemos o espazo, ti as gañas de xogar.



# dezembro



Noites  
Alternas



## XOVES 2 DE DECEMBRO

### OBRADOIRO

**“Collage e stencil para fanzines”, con Artesa Colectiva.**

De 20h30 a 23h30 | Itaca

Imos abrir unha artesa de recursos artísticos para activar toda a nosa creatividade e levarnos ferramentas para reutilizar moitas veces, enchendo os cadernos e as rúas de mensaxes bonitas. Nela, están o *stencil* e o *collage*, dúas técnicas conectadas entre si coas que xogaremos.

### ENCONTRO E VIDEOFÓRUM “EN DEUDA CON TODAS”

**Con ACPP Galicia, Agareso (Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social) e Aprocsal (Asociación de Promotores Comunales Salvadoreños).**

De 20h30 a 22h30 | Centro Xove da Almaciga

“En deuda con todas” é un documental social que relata as historias de mulleres de El Salvador presas por abortar e dá voz a colectivos sociais do país que loitan polos dereitos das mulleres e os Dereitos Humanos.

Visualizaremos o documental e haberá un encontro con activistas de El Salvador.

Este audiovisual foi realizado en 2019 no marco dun proxecto de cooperación no exterior financiado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia.

## VENRES 3 DE DECEMBRO

### OBRADOIRO “COCIÑA FÓRA DE SERIE”

**“Enredos de familia”, con Tareixa Martínez.**

De 20h30 a 23h. | As Brañas de Andrés

Sentarémonos á mesa para gozar de pratos que tamén comen as personaxes de sagas familiares tan coñecidas como as que protagonizan “Modern Family”, “Xogo de tronos” ou o “Príncipe de Bel-Air”.

### XOGO DE PISTAS

**“Enigmas de Compostela: na procura do báculo de Xelmírez”, con Destino Noroeste e O faiado de Nin.**

20h30 | Itaca e rúas de Compostela

Os grupos participantes terán que axudar ao arcebispo Diego Xelmírez a atopar o seu báculo no contexto das revoltas populares do século XII.

### OBRADOIRO DE PROBIÓTICOS

**Con Pura Seoane.**

De 20h30 a 22h | Itaca

Faremos elaborados como chucrut, curtidos e xerminados, magníficos probióticos naturais para a nosa saúde.

## XOVES 16 DE DECEMBRO

### TEATRO

**“De cando o destino e os fados nos deixaron mal encamiñados”, con Medievándalos.**

20h30 | Centro Xove da Almaciga

Facer o camiño de Santiago sempre tivo as súas cousas. Agora temos enriba outro ano santo. Menos mal que estamos nós aquí para ensinar ás vosas mercedes os mellores trucos. Medievándalos: aconsellando a xente peregrina desde 1275.

### OBRADOIRO

**“Culheres e cunchas\_ 2 instrumentos lixeiros”, con Carme Iglesias.**

De 20h30 a 22h | Itaca

Ningunha sobremesa sen música do País!

Se vas de chea non penses namais na fartura. Se hai vieiras? Reserva as cunchas.

E se hai calhos? Reserva as culheres daquela.

Culheres e cunchas, dous instrumentos lixeiros que atoparás en calquera paparota e que poderás levar no peto a calquera foliada. Iníciate e trunfa nas romarías.

## VENRES 17 DE DECEMBRO

### OBRADOIRO “COCIÑA FÓRA DE SERIE”

**“Mundo escuro”, con Tareixa Martínez.**

De 20h30 a 23h. | As Brañas de Andrés

A pesar de que a dieta de vampiros, vampiras ou zombies non é variada, nas series deste xénero si aparecen certas elaboracións interesantes como as galletas de Carol en “The Walking Dead” ou a torta de pecanas da avoa de Sookie en “True Blood”. Non teñas medo e apúntate a este último obradoiro da tempada!

### GRANDE XOGO

**“A herdanza da tía Itaca”, coa Asociación Itaca.**

20h30 | Itaca

Celebrarase unha gran velada na casa da tía Itaca: son moitas as riquezas que leva acumulando durante anos de éxito e quere convidar as súas persoas máis queridas a unha cea de Nadal de infarto. Nesta cea anunciará algo moi importante: a persoa que herdará a súa fortuna. Non dubides en asistir, pois podes ser ti a persoa elixida!



# Noites Alternas

23/09 — 17/12

XOVES + VENRES  
ALTERNOS

Actividades de balde

Itaca.gal  
noitesalternas@itaca.gal  
f @ NoitesAlternasCompostela

